



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Horreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 05/07/2021 18:36:58
SAIDA 10534/21



Reclamante [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 73/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada [REDACTED], mediante escrito do 20 de maio de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de maio de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de obtención de copia dos enunciados dos exames prácticos correspondentes aos procesos selectivos ao corpo 591-Profesores Técnicos de formación profesional, especialidade 227-Sistemas e aplicacións informáticas celebrados nos anos 2016 e 2017.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 26 de maio de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

A recepción da solicitude pola administración foi 26 de maio de 2021.

Terceiro. Con data do 7 de xuño de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade contesta a petición remitindo informe no que comunica que a solicitude de acceso á información presentada polo reclamante, resolveuse con data do 25 de maio de 2021, constando recepción por parte deste o mesmo día.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzcan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O interesado non recibiu a resolución sobre a súa solicitude de acceso á información transcorrido o prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, senón que obtivo a resolución da súa solicitude con data do 25 de maio de 2021, unha vez que tiña presentada a súa reclamación con data do 20 do mesmo mes, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso aos enunciados dos exames prácticos correspondentes a determinados procesos selectivos convocados pola Consellería competente en materia de educación dos anos 2016 e 2017.

A información solicitada, de acordo coa definición contida nos artigos 24 da Lei 1/2016 e 13 da 19/2013, debe considerarse información pública, por canto se refire a información sobre probas de procedementos a través dos cales se realiza a selección de persoal por unha Administración pública, solicitude de acceso que encaixa cos fins da normativa vixente en materia de Transparencia.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública, tendo derecho o solicitante, a recibir da Administración a orientación e asesoramento necesario para o ejercicio deste dereito, tal e como establece o artigo 26 da Lei 1/2016.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade non resolveu dentro do prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que dado que resolveu a solicitude cando o interesado xa tiña presentado en tempo e forma a reclamación ante a Comisión da Transparencia procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada.

Lémbraelle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigación de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de derecho anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de obtención de copias dos enunciados dos exames prácticos correspondentes a determinados procesos selectivos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.07.02 13:03:34 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.